

NADAL



CAMIÑO DE SANTIAGO  
PROXECTO DE CENTRO  
2022-23

Lecturamos


LECTURAMOS  
O BLOGUE DA  
BIBLIOTECA E EDL

# MARE MAGNUM

## Personaxes do Nadal

Cando falamos dos personaxes máis famosos do Nadal en España, a todo o mundo vénsenos á cabeza os tres Reis Magos e Papá Noel. Sen dúbida son os auténticos protagonistas na maioría dos fogares españois, sobre todo naqueles onde hai nenos pequenos, que esperan con gran ilusión a chegada deses días para recibir os agasallos que lles pediron nas súas cartas. Pero na nosa xeografía, non só danse cita estes personaxes, senón que dependendo da rexión na que nos atopemos, tamén fan acto de presenza outros individuos menos coñecidos pero igual de importantes

En Galicia temos ao **Apalpador** ou Apalpa Barrigas (ou Pandigueiro na comarca da Terra de Trives): é un ser fantástico, un xigante que traballaba nas minas de carbón e cada Nadal baixaba das montañas para visitar aos máis pequenos e comprobar se estaban ben alimentados, para o que lles palpaba a barriga e como agasallo deixáballes unhas castañas.



O **Olentzero**: personaxe encargado de repartir os agasallos cada 25 de decembro aos nenos de Euskadi e Navarra. Esta figura representa a un nobre carboeiro de orixe navarra que vive illado durante todo o ano acompañado do seu fiel Napo, o burro que carrega os agasallos. Descríbese como un bonachón afeccionado á boa comida e a fumar en pipa, aínda que nos últimos anos deixouna aparcada para non dar mal exemplo aos nenos.

O **Angulero**: Neste caso, trátase dun personaxe relativamente novo que xorde nalgunhas zonas de Asturias como alternativa á influencia anglosaxona de Santa Claus. Está baseado na figura do Olentzero, pero nesta ocasión, o seu oficio durante todo o ano é o de pescador de angulas. Cada 24 de decembro, o seu botín de angulas aumenta considerablemente, o que lle permite poder traer agasallos aos máis pequenos.

Dentro dos personaxes tradicionais do Nadal en España, atopámonos ao **Esteru**, un leñador da zona de Cantabria, especialmente famoso na localidade de Ruiseñada. Ten unha gran similitude co Olentzero vasco, xa que se trata dun personaxe bonachón que se move grazas ao burro que o acompaña. Ademais do Esteru, en Cantabria tamén danse cita as **Anjanas**, unha fadas mitolóxicas que chegan a algunhas rexións cántabras cada 6 de xaneiro con moitos agasallos para os máis pequenos.



O **Tió de Nadal**, tamén coñecido como Tronco de Nadal ou A Toza, é un personaxe procedente da mitoloxía catalá e aragonesa que a noite do 25 de decembro defeca agasallos e doces para os máis pequenos. Trátase dunha tradición que se celebra en zonas de Aragón, Cataluña e Andorra. Normalmente ao principio do Advento, cóllese un tronco e cada noite déixanlle comida e tápano cunha manta para que non pase frío. Ao chegar a Noiteboa, os nenos da casa golpéano con bastóns para que expulse os agasallos por baixo da manta mentres cantan cancións como: "Caga tió, caga turrón, e se non cagas, dareiche co bastón".



MARE MAGNUM

*"Mi Navidad no necesita árbol ni frío,  
solo el calor de mis seres queridos,  
a los que aprecio todo el año,  
pero disfruto un instante y llenan mi vacío."  
(George Pellicer)*

## Lendas do Camiño

Desde os inicios da peregrinación a Santiago de Compostela foron xurdindo diferentes mitos e lendas. Estas lendas difundíronse entre as diferentes xeracións de peregrinos, chegando a converterse en historias realmente sorprendentes que alentan aos peregrinos chegados de todo o mundo durante as diferentes etapas que conforman cada un dos camiños do roteiro xacobeo. O alumnado de Investigación (2 ESO B) traballou con estas historias e como adianto aquí repasamos algunhas.

### LENDAS DE SAN VIRILA

Virila Foi Un Abad Do Mosteiro De San Salvador De Leyre No Século IX Preocupado Pola Eternidade. As súas Dúbdas Levárono A Pasear Pola Serra De Leyre Esperando Unha Resposta De Deus Ata Que Chegou A Unha Fonte Onde Quedou Durmido. Cando Espertou Todo Cambiara Pois Durmira 300 Anos.



### LENDAS DE FONTE RENIEGA

O Díaño En Forma De Home Novo E Xoven Aparecéuselle A Un Peregrino Moi Canso E Sedento E Ofreceulle A Oportunidade De Refrescarse E Acougar A Súa Sede Coa Condición De Que Renegase De Deus, Da Virxe Ou Do Apóstolo Santiago. Como O Peregrino Rexeitou Esta Tentadora Oferta Apareceu O Mesmo Apóstolo Vestido De Peregrino E Levouno Ata Unha Fonte De Aguas Cristalinas.



### MILAGRE DO GALO E A GALIÑA

Un Mozo Alemán Que Peregrinaba Cos Seus Pais Cara A Santiago, Ao Facer Noite Nunha Pousada De Santo Domingo Da Calzada, Negouse A Corresponder Aos Requeiebros Da Filla Do Mesonero. Esta, Resentida, Escondeu Unha Copa De Prata No Zurrón Do Mozo Que, Ao Día Seguinte, Foi Acusado E Aforcado Polo Roubo. Ao Regreso De Santiago De Compostela, Os Pais Foron A Despedirse Do Seu Fillo, Ao Que Atoparon Vivo Pola Intercesión De Santo Domingo Que Sabía Da Súa Inocencia. Acudiron A Contar O Prodigio Ao Corrixidor Que, Escéptico, Contéstolles Que O Seu Fillo Estaba Tan Vivo Como O Galo E A Galiña Que Ía Comerse Nese Momento. Ao Instante, As Aves Levantáronse, Enchéronse De Plumas Brancas E O Galo Cantou.



### LENDAS DA SOMBRA DO PEREGRINO

Na Época Medieval Moitos Condenados Conseguían A Súa Indulgencia Plenaria Peregrinando A Santiago. O Noso Cabaleiro Matara En Francia Ao Seu Pai Para Herdar A Fortuna Familiar. No Xuízo Conmutáuselle A Pena A Cambio De Facer O Camiño De Santiago. Tras Cruzar Os Pireneos Asasinou Á Parella Dunha Posadeira Para Posteriormente Raptar E Asasinar Á Pobre Moza, Que Non O Aceptou. Escapa Das Autoridades A Través Do Camiño Grazas A Unhas Roupaxes Franciscanas E Íase Escapando Escondido Nas Sombras Ata Chegar A Compostela. Durmido Aos Pés Dos Muros Da Catedral Aparecéuselle Nun Soño O Seu Pai. A Lenda Di Que O Fillo Asustado Levantou A Espada Contra O Espírito Do Seu Pai, Pero Este Sendo Máis Rápido Matouno E Condenouno A Non Entrar Na Catedral Xamais E Por Iso O Seu Espírito Aparecese Cada Noite Ás Portas Do Pórtico Real E Nunca Dará Entrado.



### O MILAGRE DO CEBREIRO

Un Día De Inverno Cunha Forte Nevada NO Cebreiro, Primeiro Pobo De Galicia No Camiño A Santiago, Un Veciño Do Pobo De Barxamaior Subiu, Como De Costume, A escoitar Misa A Pesar Das Inclemencias Meteorolóxicas. O Cura Pensa Que Se Expón A Morrer No Camiño Só Para Axeonllarse Ante Un Pouco De Pan E De Viño. No Momento Da Consagración, A Hostia Transfórmase En Carne E O Viño En Sangu. O Cura Caeu E O Home Que Estaba Na Igrexa Correu A Atendelo, Pero O Cura Estaba Morto. E Inmediatamente, A Imaxe Da Virxe, Colocada Nun Lateral DO Altar Maior, Próstrase De Xeonllos, Para Adorar O Corpo E O Sangu DE Cristo.



## Contos no Camiño O sospeitoso encontro

A vida fixo coincidir a Martín, pianista dun grupo de música de cámara con Noa, monxa clarisa dun convento de Burgos. Ambos emprendían un mesmo camiño máis con diferente motivo. Un home do grupo de Martín desaparecera sen deixar nin rastro había uns días. Hai quen di que desapareceu tras unha actuación do grupo na igrexa de San Bartolomé de Astorga. Martín sabía que algo ía mal e estando en pleno Camiño de Santiago decidíu buscalo seguindo este roteiro. Noa, pola súa banda, ía facendo o Camiño de Santiago por unha promesa que fixera, e xa estaba a un paso da alcanzar a meta. Unha etapa máis e chegaría. Todo comezou unha fría mañá de xaneiro na que Noa levantouse cedo, e Martín tamén, para comezar os seus traxectos. Ambos partían de O Pedrouzo. O día anterior Martín non tiña pensado parar alí, só quedaban algo máis de 19 km ata Santiago, pero despois de moito andar, decidíu descansar un pouco no primeiro albergue. Cando por fin logrou abrir os ollos xa era pola mañá, unha fría mañá de xaneiro. Duchouse, e, cando saíu, levou un susto xa que viu unha... que? Que era iso? Unha monxa! Precisamente esa noite tivera un estrano soño no que unha muller vestida como unha monxa antiga choraba desconsolada e lle pedía a súa axuda!. Estaba a piques de marchar cando, de súpeto, a voz da monxa soou sobresaltada, pedindo que lle fixera compañía, que se sentía moi soa.

Cantas máis horas pasaban, menos gañas tiñan de separarse. Estaban a gusto xuntos, e máis cando comezaron a falar da desaparición do compañeiro de Martín. Por isto, Noa non quería separarse del e pensou en acompañalo na investigación. Despois dun tempo chegaron á catedral. As rúas estaban ategadas de xente e turistas que pasaban coa beleza do monumento. Estaban observando a árbore das ciencias no lateral do Pazo de Fonseca cando escoitaron unha fermosa melodía provinte dun instrumento de corda e, de súpeto... Sebastián! O home desaparecido! Que faría alí? Ao achegarse viron un sombreiro do que asomaban uns céntimos. Cando el recoñeceu a Martín non tivo máis remedio que contarlles o sucedido por máis que non quixera... O feito de que tivera que tocar o seu laúde na rúa non era o peor. Quedara sen pertenzas! Todo lle roubaran, quedou sen chaves, sen tarxetas, sen cartos... e nin sequera puido ver ao ladrón. Non sabían o que ían facer. Apenas tiñan opcións. Estaban perdidos, máis non se ían render, custase o que custase...



Noemí Abeal

## Exposición “Chicas nuevas 24 horas”

Rematamos trimestre coa exposición e documental de Mabel Lozano, e un pequeno obradoiro de reflexión sobre a escravitude do século XXI: a trata de mulleres para explotación sexual.

Achegámonos a catro testimonios de vítimas, pero tamén a testimonios de policía, un xornalista, unha fiscal, unha sanitaria e outras persoas que facilitan que a vida das mulleres capturadas e escravizadas sexa unha vida digna e libre.

Vimos imaxes e mensaxes impactantes, inquietantes, tristes que explican o proceso desde a captación ata o inicio da explotación. Testimonios de nenas en contextos moi vulnerables que buscando unha vida mellor son enganadas e capturadas para un fin que non escolleron. Imaxes de mulleres marcadas con códigos de barras que inclúen a débeda adquirida

ao inicio da súa captura, débeda que sigue aumentando cada vez que son multadas cando escapan ás normas carcelarias dos proxenetos ou, simplemente, cando teñen que pagar o aluguer da habitación, a comida, o material de escravitude, os medicamentos. Imaxes dos cadáveres das mulleres cando tratadas como produtos desechables, flotan esquecidas, silenciadas nos ríos. Testimonios de policía, pais e homes que sufren por non poder parar a corrupción que permite que este sexa o negocio máis lucrativo. Testimonios alarmantes que lembran que España é o terceiro país de Europa demandante de mulleres postituídas, que non prostitutas. Testimonios que lembran que no noso país tamén se produce esta captura. Testimonios de fiscais que explican como as mafias obrigan a mulleres enfermas de cancro e VIH a seguir sendo escravizadas sen que a súa saúde importe ao seu explotador. Testimonios que falan de como as nenas e mulleres son utilizadas como mercadoría, nas que a novidade e a idade cotizan á alza, en especial cando a virxinalidade é a maneira de evitar as enfermidades de transmisión sexual. Testimonios que falan de como ademais do proxeneteta lúcrase toda a cadea de profesionais que participan neste negocio de escravitude. Testimonios que falan da dobre moral, da promoción de negocios inhumanos en medios de comunicación.

Por último, cabe reflexionar sobre o silencio como forma de violencia e sobre a necesidade de dar voz ás persoas silenciadas. Visibilizamos para educar aos homes e mulleres do futuro; aos profesionais aos que quizais lles toque comprender ás vítimas e evitar a súa escravitude; aos rapaces e rapazas que van ter a oportunidade de aportar á nosa sociedade humanidade, empatía, solidariedade e, igualdade.

**Isabel Calvo**

## Cifras e letras

Os gañadores foron **Noemí Abeal** (3 ESO) e **Bryan Martínez** (1 BACH.) Parabéns aos dous.

## Ximnasia rítmica

No campionato nacional celebrado en Zaragoza **Faia Varela Corral** culminou a xornada de competición en categoría base cunha emocionante actuación que a levou ao quinto posto das ximnastas galegas e ao número 69 da clasificación xeral. Noraboa Faia.



MARE MAGNUM

## Somos solidarios



## Arranxos florais de Nadal (FP)



## Arte no Camiño



Panteón Real de San Isidoro de León


### San Isidoro de León

A Basílica de San Isidoro, en León, é unha obra cume da arte Románica. A actual igrexa é da época do emperador Alfonso VII (1149) aínda que hai elementos preexistentes. É un templo de tres naves con outros tantas ábsidas na cabeceira. A Capela Maior actual foi realizada nos inicios do século XVI por Juan de Badaxoz, o Vello. A porta principal é a do Cordeiro, porque no tímpano aparece o Cordeiro Místico sostido por anxos.

Interesantísimo o zodiaco da porta, con elementos mitraicos. A denominada Porta do Perdón é unha entrada directa ao transepto e está consagrada aos peregrinos santiagoños. Aos pés do templo está o primitivo pórtico occidental da igrexa, o Panteón Real. Alí xacen trinta e tres membros da familia real leonesa, nun espazo cuadrangular, de tres naves. Posúe pinturas excepcionais (é coñecida como a *Capela Sixtina do Románico*) e un valioso Tesouro, con pezas extraordinarias de marfil, esmalte e códices.


## Desideratas

Se queres facer algunha petición de libros que non estean no catálogo da biblioteca do centro, aproveita estas bolas de Nadal: indica autor/a e título e tentaremos conseguilos.



Estas bolas enchen de peticións unha árbore de Nadal moi especial. Deixa a túa e le, porque ler é para a mente o mesmo que o exercicio para o corpo. E falando de exercicio...

## Reto Camiño inglés



Animádevos, descargade STRAVA e participade. Os retos, baseados en distancias marcadas, están abertos a toda a comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias, persoal non docente) Quen os superará?



## Cafetería

A partir de xaneiro a cafetería do centro actualiza os prezos dos seus produtos e neste mes desexa a toda a comunidade educativa un BO NADAL!!



## Sabías que...?

**Jingle Bells** é unha das panxoliñas máis populares e máis cantadas en todo o mundo. Sobre o ano 1857, James Pierpont escribiu unha canción de título "The one horse open sleigh" na que falaba de carreiras de cabalos, polo que non era unha



panxoliña para o Nadal. Posteriormente a canción asociouse co Nadal décadas despois de que se interpretase o 15 de setembro de 1857 en Washington Street, Boston. Esta era unha versión con pequenas modificacións na letra, melodía e harmonía, que é a que se popularizou en todo o mundo e a que se interpreta hoxe en día.

A lenda de **Santa Claus** remóntase a un monxe chamado San Nicolás que naceu en Turquía ao redor do 280 d.C.

San Nicolás regalou toda a súa riqueza herdada e viaxou polo campo axudando aos pobres e necesitados. Destacou pola súa preocupación polos máis pequenos ata o punto de ser coñecido como "episcopus puerorum", o bispo dos nenos. Nicolás de Bari morreu o 6 de decembro de 345. Ao tratarse dunha data moi próxima ao Nadal, estableceuse como o santo e a figura ideal para a repartición de lambetadas e agasallos aos máis pequenos no Día de Nadal. Santa Claus, derivado do bispo San Nicolás, foi representado de distintas formas: primeiro foi mostrado como un home enxoiro, de escasa estatura, que repartía agasallos ataviado cunha chaqueta de pel. Pouco despois mostróuselle de forma contraria: orondo e cun tocado de plumas. Pero ningunha destas imaxes consolidouse. O seu aspecto máis popular débese a **Thomas Nast**, un debuxante alemán que o mostrou como un gnomo barbudo, de talla grosa, vestido con peles dun ton avermellado, que procedía do Polo norte. Os últimos retoques deullos o debuxante de EEUU **Habdom Sundblom**. Traballador de Coca Cola nos anos trinta, forxou a imaxe que temos hoxe de Santa Claus para unha campaña desta marca en 1931.

